



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 21 DE AGOSTO DE 2015.

ASISTENTES:

Sr. Alcalde

Don José Muíño Domínguez (PP)

Sres. Concelleiros asistentes

Don Carlos Manuel Sande Martínez (PP)

Don Carlos Allo Cundíns (PP)

Dona Sheila Recarey Varela (PP)

Dona Begoña Torrado Lema (PP)

Dona Sandra Méndez Blanco (PP)

Dona Miriam Mato Gil (PP)

Don Enrique Díaz Varela (PSdeG-PSOE)

Dona Vanesa Barreira Rama (PSdeG-PSOE)

D. Adrián Paredes Ramos (PSdeG-PSOE)

D. Fernando M. Souto Verdes (BNG)

Secretaria por acumulación

Dona Rosa Ana García Fernández

Interventora

Gema Leal Insua

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, sendo as 19:30 horas do día vinte e un de agosto de dous mil quince, reúñese en sesión extraordinaria e urxente o Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don José Muíño Domínguez e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe, para tratar dos asuntos que configuran a Orde do Día da presente sesión.

Da fe do acto a Secretaria por acumulación desta Corporación, Dona Rosa Ana García Fernández.

Aberta a sesión pola Presidencia, previa comprobación pola Secretaria do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese de seguido a coñecer dos seguintes asuntos incluídos na seguinte Orde do Día:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

O señor Alcalde dá lectura á proposta da Alcaldía neste punto que explica que foi necesario convocar un Pleno con este carácter porque se presentou unha alegación ao orzamento que tiña que resolverse o antes posible, xa que da aprobación do mesmo depende a execución dunhas obras subvencionadas e cun prazo tope de xustificación. A tardanza nilo, explica, podería supoñer a perda de subvencións.

O portavoz do grupo municipal do PSOE solicita intervir, ao que o Sr. Alcalde contesta que considera xustificada a convocatoria e somete a votación a ratificación da urxencia, con sete votos a favor do grupo municipal do PP e catro abstencións do resto de grupos.

2.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2015.

O Sr. Alcalde dá lectura á proposta da Alcaldía neste punto.

Inicia o debate o portavoz do grupo municipal do PSOE, D. Enrique Díaz, quen manifesta:

“Quería dicir que non era necesario convocar un Pleno con este carácter. Hai xente que traballa e non pode asistir sen máis e sen prazo para ver as cousas. Podería convocarse extraordinario para o luns e non se perdía tanto prazo. A alegación pode ter a súa razón, aínda que non sexa a forma, porque hai diferencias grandes nos soldos, con complementos moi diferentes e teríamos que regular iso.”

O Sr. Alcalde responde: “A urxencia xa lla expliquei. En canto á alegación, eu propusen a todos os empregados unha R.P.T. para que cada un tivese claras as súas funcións e os seus salarios e non todos quiseron. Houbo unha reunión cos representantes sindicais cando se aprobou o orzamento. Non regularizamos isto porque hai persoal que non quere a R.P.T. Se a maioría o quere farase. A presa na sesión marcouna a necesidade de non perder a subvención para unha obras, o alumbrado de Corcoesto e accesos ao Castro de Borneiro, por culpa dunha alegación dun compañeiro presentada a última hora”.

D. Fernando Souto pide permiso para intervir manifestando que “é lexítima a alegación presentada e debe terse en conta, foi adecuada e en prazo a súa presentación”.

O señor Alcalde somete a votación o asunto e o Pleno, co voto a favor dos 7 concelleiros do grupo municipal do PP e catro en contra do grupo municipal do PSOE (3) e mixto-BNG (1), analizado o escrito de alegacións e de acordo co recollido no informe emitido pola Interventora municipal, acorda desestimar as alegacións presentadas por D. Jesús M. Valiña Parga e considerar polo tanto definitivamente aprobado o orzamento municipal para o exercicio 2015.

E non habendo mais asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión sendo as 19:50 horas, da que se estende a presente acta de tódolos asuntos debatidos e aprobados, do que eu, Secretaria, dou fe e certifico.

O ALCALDE

Asdo. José Muíño Domínguez



A SECRETARIA POR ACUMULACIÓN

Asdo. Rosa Ana García Fernández

